

**VI. ANUNCIOS****A) ADMINISTRACIÓN AUTONÓMICA****AXENCIA GALEGA DE INFRAESTRUTURAS**

*RESOLUCIÓN do 13 de xullo de 2020, da Área de Planificación e Proxectos, pola que se fai pública a aprobación do expediente de información pública do proxecto de construción de acondicionamento da AC-423 (1ª fase), punto quilométrico 0+000-5+350, de clave AC/19/010.10.*

O director da Axencia Galega de Infraestruturas, por delegación da conselleira de Infraestruturas e Mobilidade (Orde do 7 de setembro de 2017, *Diario Oficial de Galicia* do 20 de setembro), vistos os informes das administracións afectadas no trámite de información pública, ditou o 10 de xullo de 2020 a seguinte resolución:

«Resolución pola que se aproba o expediente de información pública do proxecto construtivo Acondicionamento da AC-423 (1ª fase) p.q. 0+000-5+350, de clave AC/19/010.10.

Antecedentes de feito:

Primeiro. No *Diario Oficial de Galicia* número 243, do 23 de decembro de 2019, publicouse o Anuncio do 10 de decembro de 2019 polo que se somete ao trámite de información pública o proxecto de construción de acondicionamento da AC-423 (1ª fase), puntos quilométricos 0+000-5+350, de clave AC/19/010.10, así como a relación individual de bens, dereitos e propietarios afectados polo proxecto referido.

Segundo. As actuacións recollidas no proxecto de construción Acondicionamento da AC-423 (1ª fase), p.q. 0+000-5+350, de clave AC/19/010.10, teñen como finalidade acadar unha mellora substancial da seguridade viaria e consisten no acondicionamento da estrada AC-423, pertencente á Rede secundaria de estradas da Comunidade Autónoma de Galicia, nos termos municipais de Coristanco e Cabana de Bergantiños (provincia da Coruña).

Terceiro. As administracións afectadas emitiron os correspondentes informes e serán informadas da aprobación do mencionado expediente. No trámite de información pública non se formularon alegacións.



**Fundamentos de dereito:**

Primeiro. A conselleira de Infraestruturas e Mobilidade é competente para resolver os expedientes de información pública en materia de estradas e informes das administracións afectadas, de acordo co Decreto 26/2019, do 7 de marzo, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Infraestruturas e Mobilidade. Esta competencia atópase delegada na persoa titular da Dirección da Axencia Galega de Infraestruturas, segundo o artigo 8.1.b) da Orde do 7 de setembro de 2017 sobre delegación de competencias no secretario xeral técnico e noutros órganos e entidades públicas adscritos a esta consellería (DOG núm. 179, do 20 de setembro).

Segundo. De acordo co establecido no artigo 21 da Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia, o mencionado proxecto de construción someteuse ao trámite de información pública durante un período de trinta (30) días hábiles, contados a partir do seguinte ao da publicación deste anuncio no *Diario Oficial de Galicia*.

O artigo 22.2 da citada Lei 8/2013, do 28 de xuño, establece que no caso de estudos ou proxectos sometidos aos trámites de información pública e informe das administracións afectadas, unha vez emitido o informe sobre as alegacións presentadas, o órgano competente da Administración promotora da actuación debe adoptar a correspondente resolución, que pode ser de aprobación definitiva de todo o ámbito do estudo ou proxecto ou ben só dunha parte deste.

Terceiro. Que simultaneamente ao trámite sinalado no parágrafo anterior, e para os efectos previstos no artigo 56.1 do Regulamento de expropiación forzosa, se someteu a información pública a relación individual de bens, dereitos e propietarios afectados pola realización da obra correspondente.

De acordo con todo o exposto, e tras os informes e certificados presentados,

**RESOLVO:**

Aprobar o expediente de información pública Acondicionamento da AC-423 (1ª fase), p.q. 0+000-5+350, de clave AC/19/010.10, mantendo o trazado proposto como definitivo.

Contra esta resolución, que pon fin á vía administrativa, poderase interpor recurso contencioso-administrativo ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no prazo de dous meses, contados desde o día seguinte ao da publi-



cación desta resolución no *Diario Oficial de Galicia*, de conformidade co establecido nos artigos 10, 14 e 46.1 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa».

O que se fai público para xeral coñecemento.

Santiago de Compostela, 13 de xullo de 2020

Carlos Lefler Gullón  
Xefe da Área de Planificación e Proxectos

CVE-DOG: aqeiahx7-ow35-hfz1-mf19-xycm3jsbcn93

